

RESOLUCIÓN REITORAL DO 9 DE XANEIRO DE 2019 POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O 2.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2018/2019

A Universidade de Vigo publica a convocatoria de cursos de formación en lingua galega do segundo cuatrimestre do curso académico 2018/2019 para a comunidade universitaria, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística. Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia.

Denominación: cursos de lingua galega

Listaxe de cursos convocados

- Curso de extensión cultural
- Curso de iniciación á lingua oral
- Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM
- Curso de reciclaxe en lingua galega
- Curso de linguaxe administrativa e xurídica
- Curso de redacción e estilo

Persoas destinatarias: comunidade universitaria

Datas de celebración: durante os meses de marzo, abril e maio de 2019

Lugar de celebración

1 Os cursos presenciais:

- Curso de extensión cultural (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)
- Curso de iniciación á lingua oral (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)

2 O curso semipresencial:

- Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)



3 Os cursos virtuais:

- Curso de reciclaxe en lingua galega
- Curso de linguaxe administrativa e xurídica
- Curso de redacción e estilo

Duración dos cursos

- Curso de extensión cultural: 75 horas
- Curso de iniciación á lingua oral: 10 horas
- Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM: 20 horas
- Curso de reciclaxe en lingua galega: 40 horas
- Curso de linguaxe administrativa e xurídica: 40 horas
- Curso de redacción e estilo: 40 horas

Coordinación académica

O director da Área de Normalización Lingüística

Número de participantes por grupo

Establécese un número mínimo de 15 persoas preinscritas nos cursos; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas. O número máximo de prazas é de 30.

Consignación orzamentaria

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 2019 0000 421SNLI 226.06.

Prazo de inscrición

Do 4 ao 22 de febreiro de 2019 a través da plataforma virtual <https://bubela.uvigo.es>. Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de preinscrición.

Matrícula

A matrícula será gratuíta.



Avaliación

Nos cursos presenciais cómpre asistir ao 85 % das clases, ademais de aprobar o sistema de avaliación establecido.

Nos cursos virtuais requírese realizar o 100 % das actividades, das cales hai que superar o 80 %, ademais de realizar un exame final.

Diploma

No diploma acreditativo constará o nome do curso, modalidade de impartición, duración e programa.

Créditos

Todos os cursos están recoñecidos con créditos ECTS.¹

A vicerreitora de Comunicación e
Relacións Institucionais

Por delegación (RR 21/06/2018)



Mónica Valderrama Santomé

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data no rexistro desta universidade.

Vigo, 9 de xaneiro de 2019

A secretaria da Vicerreitoría de
Comunicación e Relacións Institucionais

María Calle Sierra

¹Pendente da autorización pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735s1900000175

CSV

GEISER-2983-e59b-4e27-4365-8a0b-2525-8c38-56f8

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

09/01/2019 13:23:13 Horario peninsular

Validez del documento

Original

